

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11 DE XUÑO DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e doce minutos do día once de xuño do dous mil dezaoto, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, TRANSFERENCIAS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.


Dáse conta da Providencia da Alcaldía de data 31 de maio de 2018, que seguidamente se transcribe;

PROPOSTA

Sendo necesario efectuar transferencias entre os créditos das partidas de gastos do vixente presuposto referentes a altas e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función, o que supón a provisión de crédito suficiente para cubrilas necesidades para o vixente exercicio económico, de conformidade co disposto no artigo 179 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, e Base 9ª de execución do presuposto, esta Alcaldía propón a iniciación do expediente de transferencias de créditos, expediente núm. 2018/4, nas partidas de gastos que a continuación se detallan:

A) AUMENTOS NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

APLIC.ORZAM. ALTA	DENOMINACIÓN		IM PORTE ALTA
334.22609	Actividades culturais		6.500,00



334.22699	Outros gastos (Cultura)		4.800,00
334.22602	Publicidade y propaganda		7.000,00
341.22609	Actividades deportivas		8.000,00
341.22699	Outros gastos (Deportes)		4.500,00
171.21000	Lnfr. e bens (parques e xardíns)		9.200,00
			40.000,00

A) DIMINUCIÓN NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

APLIC.ORZAM.	DENOMINACIÓN	CRÉDITO	IMPORTE
BAIXA		DISPON.	ALTA
453.60001	Expropiacións. Comp. Terreos		40.000,00
		TOTAL	40.000,00

Ares, 31 de maio de 2018

O ALCALDE

Dáse conta do informes de Secretaría de data 01 de xuño de 2018, que seguidamente se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**EXPTE. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS:**

Transferencia de créditos entre distintos programas financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicación : 40.000,00 euros.

Suplemento de créditos financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería: 190.000,00 euros.

Con motivo da modificación do orzamento do exercicio 2018 e en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, emito o seguinte INFORME

PRIMEIRO. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e



Sustentabilidade Financeira.

SEGUNDO. O artigo 16 apartado 1 *in fine* e apartado 2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, establece que a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 177.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, referido á modificación do orzamento xeral.

No caso de que o resultado da avaliación sexa de incumprimento do principio de estabilidade, a Entidade Local formulará un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

TERCEIRO. O obxectivo de estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

O cálculo da variable capacidade ou necesidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

Esta operación debe calcularse a nivel consolidado incluíndo a estabilidade dos entes dependentes non xeradores de ingreso de mercado.

CUARTO. Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, é necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria desta entidade aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais(SEC-10).


QUINTO. A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo dos expedientes de modificación de créditos, dado que un deles corresponde a unha transferencia de créditos entre os capítulos 6 ao 2 do estado de gastos, non altera a estabilidade inicial do orzamento aprobado.

SEXTO. No informe de 29 de novembro de 2017 específico sobre a estabilidade orzamentaria do orzamento 2018, sinalábase :

“Terceiro.- Cuantificación da estabilidade orzamentaria no orzamento 2018.

En canto ao orzamento do 2018, presenta no presente exercicio, con relación ao aprobado inicialmente polo Pleno para o exercicio 2017, as seguintes variacións:

	Orzamento 2017	Orzamento 2018	Diferenza
Capítulos 1 a 7 Ingresos	5.936.732,2 1	5.998.612,0 4	61.879,83



Capítulos 1 a 7 de gastos	5.286.626,2 1	5.373.600,0 4	86.973,83
Diferenza	650.106,00	625.012	-25.094,00
(Estabilidade Orzamentaria)			

Non proceden os axustes que se sinalan na liquidación do orzamento considerando que estes axustes xurden exclusivamente do resultado da liquidación do orzamento, polo que inicialmente o orzamento presenta estabilidade orzamentaria.”

Conseguentemente co expediente de modificación por transferencia de créditos entre distintos programas financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicación (40.000, 00 euros), ao afectar aos capítulos 6 (baixa) e 4 (alta), e suplemento de créditos financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería (190.000,00 euros) con cargo ao remanente líquido de tesourería (cap. VIII), a estabilidade orzamentaria quedaría do seguinte xeito :

	Orzamento 2018 inicial	Orzamento 2018 modificado
Capítulos 1 a 7 de ingresos	5.998.612,04	5.998.612,04
Capítulos 1 a 7 de gastos	5.373.600,04	5.563.600,04

A nivel consolidado, a suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Ingresos, é maior, á suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Gastos. É dicir, os ingresos dos capítulos I a VII do Orzamento son 5.998.612,04 €, suficientes para financiar os gastos dos mesmos capítulos do Orzamento de gastos (5.563.600,04 €), o que representa unha situación de superávit orzamentario.


SÉTIMO. A este respecto cabe informar do seguinte resultado obtido:

CUMPRIMENTO

Con base nos cálculos detallados no expediente motivo do informe cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro.

Ares a un de xuño de 2018
O Secretario

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a vista dos resultados do peche do exercicio orzamentario do ano pasado hai un remanente dun millón de euros, e en consecuencia queren complementar algunhas actuacións que por razón de control e de certa prevención non se incluíron no orzamento porque non sabían que ían ter un peche de exercicio que ía a permitir acometer algunhas cuestións que nun primeiro momento deixaron para un



momento posterior e agora que ese remanente permiteo queren acometer. Este expediente foi a comisión de facenda e consiste nun suplemento de crédito financiado con cargo a remanente líquido de 190000€ e transferencias de créditos entre distintos programas por 40000€, un total de 230000€.

O Sr. Alcalde abre o turno de intervencións, e dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o voceiro do BNG D. Emilio Mesías Farías dicindo que en principio as modificacións de crédito teñen a súa forma de ser e a súa xustificación precisamente cando están xustificadas, hai aquí unha consecuencia con respecto ao que acaba de dicir o Sr. Alcalde de ese remanente de un millón de euros que nós seguimos dubidando de que sexa tal, porque nas comisións de facenda non se aclara moi ben de onde veñen eses cartos e non se aclara moi ben si hai tal remanente. Ademais de todo isto, o expediente para nosa maneira de ver está incompleto, sobre todo porque tras unha comisión de facenda solicitouse información concreta ao respecto de esas partidas e de eses cartos e a resposta foi que non tendes porque darnos esa información polo tanto, cunha información así tan no aire cando xa se saben para onde van a ir esas cantidades porque son cantidades fixas e non se nos quere dar ademais esa información que nós consideramos moi importante para saber que aquí con esta información que vostede nos da, non nos queda nada claro para saber a finalidade, loxicamente non podemos votar a favor desta proposta de modificación de créditos e transferencias.


Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si se lle permiten saír un momento da sala.

O Pleno responde que si.

O Alcalde entra na sala novamente e pide desculpas, dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a voceira do PP Dña. Josefina Martínez Martínez manifestando que ela coincide co BNG en que a comisión foi totalmente desinformativa, se pediu información por parte do noso compañeiro e non se lle dou, polo que puidemos ver na providencia da Alcaldía temos inversión en terreos non sabemos, o programa 453 correspondente a estradas non sabemos a que vai, para que vai a clasificación económica 61000 e 62500 en concreto inversións en terreos e mobiliario eses 190000€ non sabemos aínda para que van, malamente podemos votar se non sabemos para que é, e con respecto ao expediente 2018/4 tampouco sabemos a onde van os 9300€ destinados a outros gastos, cultura e deportes, por iso nós queremos saber a onde vai destinado esta inversión.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que as partidas son as orzamentarias e en consecuencia as aplicacións e a súa denominación forman parte do orzamento, eu non me inventei ningunha aplicación e ningunha denominación, do mesmo modo que se aproban os orzamentos cos vosos votos en contra con cartos nesas aplicacións e nesas denominacións e por suposto vai para iso é normal, é unha habilitación, logo en que concretamente se vai facer pois no que sexa necesario, e dicir todo o que vai para camiños eu non podo dicir que camiño vou a arranxar pero sei que José Juan me di que a partida de camiños non vai chegar entón complemento esa partida, que esa camiño vaise a facer pois non teño nin idea será en función da urxencia e da dispoñibilidade, e o mesmo cando outros concelleiros din que as súas partidas están quedando cortas para que van a ser, para máis do mesmo, pero en que concretamente pois non se sabe en que se gasta e dicir, iso sábese ca conta de resultados, cando traemos a pleno a conta do exercicio anterior é aí cando se



sabe en que se gastou o orzamento e unha habilitación de en que se pode gastar é unha vez que rendimos conta de ese exercicio vese en que se gastou, aparecen pola porta entidades e persoas pedindo colaboración en actividades culturais e deportivas que non se contaba pois efectivamente, abrimos un pouco esas partidas, as partidas xa vedes cal é a súa contía, son partidas que nesa aplicación orzamentarias para un concello do noso tamaño pois é normal porque cando nos baixan o orzamento sempre e restritivo, non sabemos como vai a ser o peche do exercicio entón pois quedan cousas fora.

Contiúa o Sr. Alcalde manifestando que cando o peche do exercicio é positivo e hai un remanente pois vamos a ter partidas máis folgadas para gastar en cousas parecidas as que xa se gastaron, agora ata que saia o gasto non sabemos en que, pero efectivamente a denominación implica un ámbito de aplicación e eses cartos téñense que gastar nesa aplicación salvo que fagamos logo outra transferencia pero son actuacións ordinarias. Tráeme o secretario modificacións de crédito de concellos veciños, Mugarbos levas tres, Cambre, Oleiros, Pontedeume unha, Bergondo, Narón son expedientes ordinarios e todo leva data de maio porque, porque viron o peche do exercicio e viron que lles quedaban cartos e en consecuencia partidas que quedaron escasas ou que se notaron de maneira restritiva pois faise un esforzo, entre outras cousas porque os concelleiros é certo que no seu ámbito sempre din que están curtos, e si o facemos é porque intervención nos deixa senón houbera cartos non poderíámolo facer.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dando paso ao segundo turno de intervencións.


Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías manifestando que eles anuncian a súa abstención e que seguirán mantendo a abstención salvo que vincule isto cos orzamentos que di que sempre votan en contra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que aos orzamentos si.

Continúa o voceiro do BNG O Sr. Mesías Farías dicindo que a vostede se lle pregunta para que vai ser e di que vai a ser para máis do mesmo, pois si vai ser para máis do mesmo os orzamentos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que máis do mesmo nesa denominación na aplicación, nese ámbito.

Continúa o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías dicindo que non van a votar en contra, que xa advertiron o principio da súa intervención que loxicamente as modificacións de crédito pódense facer e fanse na práctica totalidade dos concellos en calquera momento do exercicio, o gran problema e que nos intuímos ou podemos saber que hai unhas partidas concretas que xa se sabe cal é o seu destino e que vostedes non as queren dar, por iso nos dicimos de esa falta de información e esa escuridade non nos permite votar a favor. Teño que dicir tamén outra cousa, vostede utiliza o voto en contra aos orzamentos como o voto en contra do que inclúe o orzamento e iso non é así, os orzamentos é unha globalizade, o orzamento non se vota por obras ou por capítulos se vota a súa globalidade por iso nós podemos votar en contra da globalidade do orzamento pero estar a favor de certas partidas. Nós si votamos en contra do orzamento non quere dicir que non se lles pague aos traballadores nin que non se lle pague aos políticos nin que non se pague o subministro eléctrico, votamos a globalidade, logo esa maneira de utilizar o noso voto sen clarificar pois tamén é crucial para o noso sistema democrático polo tanto, vostede acaba de dicir



que non sabe ao que vai dirixido esas partidas, e logo a toro pasado saberemos en que se concretou pois nós a toro pasado non podemos votar, temos que votar agora polo tanto, nós nos absteremos.


Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cada un fai a interpretación que lle da a gana, eu non son interprete de ninguén, eu me limito a dicir que votades en contra dos orzamentos porque é verdade e si os orzamentos comprenden unha serie de actuacións e os votades en contra, pois non minto e a verdade, que logo ti digas que dentro do orzamento pois iso o explicas ti porque eu non sei dentro do orzamento o que estás a favor ou o que estás en contra porque tampouco o explicas, en consecuencia eu non minto digo a verdade votaches en contra dos orzamentos e os orzamentos contemplan o que contemplan si ti queres matizar, matízao como loxicamente eu matizo o teu iso somos libres de facelo pero eu digo a verdade votouse en contra sistematicamente dos orzamentos desta lexislatura este é o terceiro e o terceiro en contra e isa é a realidade.

O Sr. Alcalde da paso ao segundo turno de intervencións, dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Intervén a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez dicindo que o que ve é unha falta de previsión do grupo de gobernó, que diga vostede dadas as prioridades que ten o pobo que non sabe a onde van destinadas, como imos a votar algo que no sabemos para o que vai nin se quera a veces no orzamento e no orzamento di que votamos en contra podemos facer emendas parciais a ese orzamento e dicimos a esta partida si a esta non, pero que non saiba vostede a onde van todas estas partidas en cultura outros gastos, en deportes outros gastos a min con iso non me di nada a min paréceme moi ben que se mellore o pobo pero quero saber que se vai a mellorar porque ten que haber prioridades e dado como está o pobo máis, soamente ten que ver como están a estradas, as beirarrúas como están as rúas a pintura da biblioteca que brillo pola súa ausencia, e non teñen prioridades pois parece un despropósito iso.

Toma a palabra o Sr. Alcalde respondendo a voceira do PP manifesta que eles asfaltaron o Mazote, a subida ao cementerio a estrada do Porto, Rúa Salazón, Rúa Real, Rúa María, Rúa Concepción Arenal imaxínese como nos deixaron vostedes as rúas para ter que facer todo iso, pero e que ademais efectivamente tamén fixemos moitas cousas que vostedes non fixeron a Gardería, o Centro de Día a casa da Xuventude e dicir que hai que pintar as Alianzas, claro que hai que pintalas evidentemente pero dar leccións, eu podía ensinarlles Santa Catalina como estaba, e como está agora poderíamos ir a velo como o recibimos e que situación que o Ministerio de Defensa rebocou o convenio entón que de leccións dalgunhas cuestións non deixa de resultar un pouco paradoxico porque non leva razón niso porque non se pode negar que fixemos moitísimas cousas .

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o orzamento é o mesmo que se presentou fai uns meses en novembro coas mesmas aplicación e as mesmas denominacións que pena que daquela non preguntara e non insistirá tanto como insiste agora, porque as denominacións son as mesmas, sabemos perfectamente en que vamos a gastalo cando poñemos 6500€ en actividades culturais vai a ser en actividades culturais como en novembro cando se meten 8000€ en actividades deportivas ou calquera outra partida é que vai niso agora, en que entidade e en que actuación pois non o sei pero evidentemente pero son esas actuacións nas que van aparecendo ou as que estaban comprometidas e ao final lle dixemos que non



podíamos facelas e agora que hai remanente pois nos volvemos a plantexar a oportunidade de levalas a cabo, e esa é a realidade.

Unha vez rematada o segundo turno de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación o expediente de modificación de crédito, transferencias e suplementos de crédito a votación.

Sometida a votación e o expediente de modificación de crédito, transferencias e suplementos de créditos o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL, 1 Son de Ares), 3 votos en contra (3 PP) e 2 abstencións (2 BNG, 1 ausencia xustificada), acorda;

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito, transferencias e suplementos de crédito.

Segundo.- Someter a información pública mediante anuncio publicado no BOP polo prazo de quince días aos efectos de reclamacións e alegacións.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2018 E CONVALIDACIÓN DAS OBRIGAS ADQUIRIDAS

Dáse conta do informes de Secretaría de data 25 de maio de 2018 que seguidamente se transcribe;

ASUNTO: Recoñecemento extraxudicial de crédito nº. 1/2018 e convalidación de obrigas adquiridas.


Visto o procedemento incoado para o pago de 264.243,02 €. (268.075,88 €. Con IVE) con cargo ao orzamento do exercicio en curso, derivados de gastos aprobados en exercicios anteriores ao de 2018, os cales non foron obxecto do oportuno recoñecemento contable, así como de obrigas que non seguiron os esenciais e preceptivos trámites de autorización administrativa, esencialmente os previstos no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o que daría lugar a unha fiscalización desfavorable, o funcionario que subscribe emite o seguinte

INFORME:

1º.- O principio de anualidade orzamentaria, tamén chamado de especialidade temporal, debe entenderse nun dobre sentido, como de anualidade de aprobación e anualidade de execución, no sentido de que os ingresos e gastos, previstos no mesmo, han de realizarse dentro do período anual.

2º.- Así o artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:

Os dereitos liquidados no mesmo, calquera que sexa o período de que deriven.
As obrigas recoñecidas durante o mesmo.
As obrigas recoñecidas durante o exercicio.



3º.- Este artigo 163, a diferenza do artigo 34 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) atende para a imputación temporal dos gastos, non ao criterio do pagamento, senón ao criterio do contraído, é dicir, criterio do momento no que se recoñece ou se liquida a obriga.

4º.- Dentro das quebras e, no concernente ao principio de anualidade orzamentaria, temos tres figuras distintas :

- Os gastos plurianuais.
- Os expedientes de incorporación de remanentes.
- Os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

É precisamente este último suposto o que agora nos ocupa.


5º.- Esta figura que xa viña recollida no artigo 448.3 do Texto Refundido aprobado polo R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, vén regulado actualmente no artigo 23.1 do devandito Texto Legal e no artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e, aínda que nun principio puidese supor unha contradición co artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e co artigo 47 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) que declara nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a Lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta Lei, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ha declarado en doutrina reiterada, que son de obrigado cumprimento os compromisos adquiridos aínda con infracción de precepto e todo iso baseado no artigo 20 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria que establece que as obrigas económicas do Estado nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito se xeneren, e o propio Código Civil que no seu artigo 1089 enumera entre os actos ou feitos xeradores de obrigas "os actos e omisións ilícitos ou en que interveñan culpa ou negligencia".

O feito de non recoñecer as obrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría lugar tamén a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa para a Administración.

Todo iso sen prexuízo da responsabilidade de carácter civil, penal ou disciplinaria a que fai referencia o artigo 175 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria.

6º.- Unha vez finalizado o exercicio orzamentario de 2017, figuran novamente créditos por valor de 264.243,02 €. (268.075,88 €. Con IVE), que non foron recoñecidos nos exercicios correspondentes ao carácter de crédito orzamentario, por tanto, a única solución posible para solucionar este problema é acudir ás previsións legais mencionadas anteriormente e aprobar o recoñecemento en base ao artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

7º.- A maior parte das obrigas derivadas das facturas obxecto de recoñecemento e convalidación poderían ser obxecto de tramitación mediante a figura de contrato menor previsto no citado Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que unicamente require da aprobación do gasto e posterior recoñecemento da obrigación, sen necesidade de formalización de contrato administrativo, tal como despréndese de dita figura prevista no citado Real Decreto Legislativo 3/2011, avalada pola interpretación que efectúa a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda - Dirección Xeral do Patrimonio do Estado- no Informe nº 40/95, de 7 de marzo de 1996 "Contratos menores".



Tamén é de significar que gran parte das obrigas a recoñecer pertencen a servizos de tracto sucesivo que por diversas causas quedaron sen consignación orzamentaria como son as correspondentes a suministros eléctricos por parte de Gas Natural SUR SDG SA.

Na súa virtude, expostas as consideracións, e en atención á situación creada e á vista da doutrina xurisprudencial da teoría do enriquecemento inxusto da Administración sentada entre outras polas Sentenzas do Tribunal Supremo de 5-4-1994, R.A. 1994/4143; S. 13-5-1993, R.A. 1993/3413; S. 21-11-1981, R.A. 1981/5267; S.12-2-1990, R.A. 990/984; S. 25-4-1989, R.A. 1989/3476; S. 20-12-1988, R.A. 1988/10046; S. 26-1-1988, R.A. 1988/429; S. 20-10-1097. R.A. 1987/8667; S.2-11-1987, R.A. 1987/7765; S. 29-12-1986, R.A. 1987/1574 R.A. 1985/934; S. 13-7-1984, R.A. 1984/4676; S.12-6-1984, R.A. 1984/3463; S. 24-1-1984, R.A. 1984/153; S. 8-7-1983, R.A. 1983/3917; S. 8-2-1983, R.A. 1983/645; S. 26-1-1983, R.A. 1983/365; S.12-1-1983, R.A. 1983/244; S. 18-10-1982, R.A. 1982/6389; S. 3-11-1980, R.A.1980/4255; S. 29-10-1980, R.A. 1980/3964; S. 12-2-1979, R.A. 1979/908, a xuízo do funcionario que subscribe procede convalidar as facturas correspondentes ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e a súa aprobación.


Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación ou a Xunta de Goberno co seu superior criterio acordará o que estime conveniente, significando que conforme as bases de execución do orzamento e a teor do previsto no artigo 23.e do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, en caso de existencia de consignación orzamentaria, a competencia para a súa aprobación corresponde á Alcaldía, a sensu contrario, de non existir consignación orzamentario a súa aprobación correspondería ao Pleno da Corporación.

En Ares a 25 de maio de 2018
O SECRETARIO

Intervén o Sr. Alcalde explicando que o segundo punto é a aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito e convalidación das obrigas adquiridas que por moi diversas causas, pola presentación de facturas tarde, como falamos na comisión de facenda hai que pagalas agora que están aprobadas e en consecuencia abrimos un turno para fixar posicións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías dicindo que eles piden que quede o expediente enriba da mesa porque entenden que o informe do secretario fai referencia cando menos a disposición legal que está derogada que é o decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba lei de contratos so Sector Público. Estamos ante dúas situación diferentes por un lado, facturas nas que houbo consignado un crédito pero non se recoñeceu a obriga de pago no exercicio e por outro lado facturas nas que non consta expediente de contratación, con esta práctica de non recoñecemento de débeda se está a maquillar os orzamentos xa que non se considera como débeda recoñecida esa cantidade porque suporía un déficit orzamentario no peche do exercicio, e a isto temos que sumar tamén os saldos de dubidoso crédito que seguen a aparecer cada ano para aumentar os ingresos cando se sabe que son de moi difícil cobro ou de imposible cobro.



Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que tamén se está a imposibilitar fiscalizar ao pleno de contratos, dos que non se informa ao pleno sen ir tamén fiscalización, se esconde por outra parte, o volume de contratación fraccionando as obras en varias facturacións e chegado a ser cifras relevantes para os nosos provedores como é o caso de Solucións e Tratamento e Electricidade Permuy, financíase o concello a base de non aboar os servizos polo que se está a cobrar unha taxa ou prezo público isto é, o concello recada a veciñanza pero non aboan aos que prestan o servizo, servizos sociais ou subministro de enerxía, polo tanto esiximos tamén a apertura do expediente informativo conforme o manifestado polo secretario-interventor no seu informe que di "o feito de non recoñecer as obrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría lugar tamén a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto o usen causa para a Administración. Todo iso sen prexuízo da responsabilidade de carácter civil, penal ou disciplinaria a que fai referencia o artigo 175 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria".


Remata o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías ca súa intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde explicando que son situacións imprevistas e imponderables o tema de determinados subministro son os que efectivamente se presentan as facturas tarde co que non entran no período de pago do exercicio que hai que péchalo e logo pois son actuacións que loxicamente temos que facer, pero pola súa contía efectivamente se poden levar a cabo, traballo minipala en Cervás pois efectivamente rompe o auga e non temos minipala e hai que chamalos pero efectivamente minipala hai en Cervás, Regueiras, Anxeles, Parque Rosalía, depósitos de Cervás, Maiobre, Porto de Seixas claro, as avarías non avisan e o mesmo poderíamos falar con outros subministros, arquetas rompe unha e hai que comprar outras, desbroces de repente ven a autorización para facelo e tes que facelo e repercutir sobre o propietario, subministros e colocación pois o mesmo que vas a facer aparece reparación de paseo dos patos por caída dun árbore, o árbore cae e rompe a madeira esta é a realidade e esta é a situación e logo si vemos a data da presentación da factura, moitísimas están presentadas fóra do período do exercicio, son imprevistos que aparecen e que comprenden subministros e en consecuencia, temos capacidade financiara para facer fronte.

Se pecha o exercicio en novembro e en cinco meses resolvemos esta situación, non quero comparar con ningún concello nin falar dos expedientes de modificación de crédito dalgúns dos concellos veciños como en Fene que gobernando o BNG deixou colgados 218000€ de subministros de GESECO ao mellor con eses 218000€ que nos ingresou Fene agora que viu un novo Alcalde ao mellor e para pagar todo isto porque isto ao fin e ao cabo son 268000€ todos os concellos tiveron un burato de 218000€ mentres non pagou o BNG a EDAR do 2016 e do 2017 nola pagou Sindo o novo Alcalde o mes pasado, non fala nada de que financiamos concellos veciños pagando o que eles nos deben Mugar dos aínda non pagou agora, Mugar dos aínda nos segue debendo, iso non é financiar adiantar o que deben os outros porque adiantouse sen intereses, 218000€ son moitos cartos para o concello de Ares para o que un Alcalde do BNG lle importaba un ovo pagar entón estas cousas pasan e que lle vou a facer non creo que Juventino o fixera a propósito imaxino que efectivamente entre minorías, secretarios e interventores verán a realidade e nos enfentamos con iso todos os días pois o mesmo nos pasa a nós.

Intervén o Sr Secretario preguntando ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías si pode facer unha aclaración.

O Sr. Mesías Farías di que si.



Toma a palabra o Sr. Secretario dirixíndose ao Sr. Mesías Farías aclarando que no informe cita o Real Decreto Lexislativo 3/2011 porque era a normativa aplicable, a nova lei de contratos a 9/2017 de 8 de novembro entrou en vigor creo que en marzo ou abril, e aquí estamos falando do ano pasado, ese é o motivo.

O Sr. Alcalde dálle a palabras voceira do PP a Sra. Martínez Martínez

Intervén a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez dicíndolle ao Sr. Alcalde que respecto ao que acaba de dicir ve moitas facturas con rexistro de entrada do mes once, dez do ano 2017 esas facturas poderían haberse pagado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que xa di que non se pagaron por moitas razóns, ao mellor a partida estaba esgotada pero hai moitísimas do 2018 responde a moi variadas situacións.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que as últimas son do ano 2016.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que esas facturas foron presentadas agora.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando si todas as facturas de subministro gasóleo foron presentadas agora.

Responde o Sr. Alcalde explicando que cando eles fan o subministro e no ano 2016 pero a data da presentación da factura consta na segunda columna.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que si que pon 03/10/2017, 04/10/2017.


Reponde o Sr. Alcalde dicindo que as últimas, que non diga as catro primeiras que hai doce.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que ela di as que hai do ano 2017.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que tres, que todas as demais son do ano 2018

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que si, pero que non diga que non hai.

Continúa a Sra. Martínez Martínez coa súa intervención manifestando que estas obrigacións adquiridas consecuencia de gastos aprobados en exercicios anteriores ao ano 2018 e que non foron obxecto de recoñecemento contable nos exercicios correspondentes ao ano 2016 e 2017, facturas que na súa maioría non son de trato sucesivo como podían ser as de subministro de enerxía e si son a de subministro de combustible, reparación de camiños, limpeza de cunetas, reforma instalación da casa da xuventude, axudas a domicilio e dependencia por un importe de 85000€, cascós de ferretería etc.... Vostede con isto pode desvirtuar os gastos dos exercicios correspondentes podendo con isto verse afectado o teito de gasto do exercicio correspondente aos anos 2016 e 2017, como xa tivemos un aviso por parte do Ministerio de Facenda por non cumprir co teito de gasto do 2015 vostede o adeuda para o ano 2016 e para o 2017, Sr. Alcalde por iso lle pedimos unha vez máis e facemos fincapé na necesidade dun interventor, o que ten que facer e convocar a praza dun interventor.



Intervén o Sr. Alcalde manifestando que de todas as facturas presentadas que son 258 das 258, 152 son do 2018 e dicir, 152 foron presentadas fóra do exercicio por parte destes provedores e só 66 foron presentadas no ano 2017, deixar sen pagar 66 facturas das miles e miles de facturas que foron presentadas neste concello no 2017 con toda seguridade por agotamento de crédito orzamentario non entendo eu que pecado é, de miles de facturas que foron presentadas no 2017 quedaron se pagar 66 que deben ser as que se presentan aquí a semana, e seguramente que foi por agotamento da partida porque agotaronse as partidas, e 152 foron presentadas fóra do exercicio que pecado e este, e que non o entendo.

O Sr. Alcalde abre o segundo turno de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que eles poderían incluso facer un exercicio de vontade extrema mirando para outro lado poderíamos chegar a entender esa xustificación de di vostede que simplemente quen subministra o subministro presenta as facturas fóra de prazo, poderíamos mirar para outro lado e non pasa nada.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que el non sabe falsificar rexistro a data.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que lle costa moito pensar que Gas Natural que é unha empresa que non é unha persoa que vaia sacando as cousas, que o 08/10/2017 non se pagara unha factura do 28/10/2015, a min cústame moitísimo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que puxeron o día toda a rede de subministros eléctricos pero poñer ao día toda esa contratación levounos dous anos, foi o que se fixo na primeira lexislatura, hai contadores nos sitios máis variopintos que Fenosa lee cada dous anos porque son tres puntos de luz nunha rúa con consumos de risa, e dicir que hai liñas de suministro con dous ou tres bombillas e incluso unha bombilla dun veciño a entrada da súa casa, iso non o leen todos os meses hai contratos de subministro de liñas moi pequenas que Fenosa as lee cada dous anos agora, as do concello as de consumo as leen cada dous meses pero temos subministros moi pintorescos e esa é a razón son subministros moi terciarios si a Fenosa non lle pagas envían unha notificación e cortan a luz entón esa é a razón pola que algúns subministros son así.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que lle di o Secretario que estivo reunido en Fene para que nos pagaran o que nos debía e que a interventora entraba no despacho con 300 facturas de Gas Natural de anos pasados que acababan de entrar por rexistro para cabreo da interventora que tamén son subministros terciarios, iso non o leen cada dous meses por iso che digo que a data de rexistro de verdade que non se falsifica si pon 2018 entrou no 2018 e si hai 66 facturas do 2017 é porque non había partida esgotouse a partida e que lle dis ao veciño, ven para o ano que ven pois non, mandas facelo igual e te comes a factura e esa é a realidade e xa digo 66 facturas parécenme moi poucas.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando que si vostede di que esas facturas non se pagaron porque non había cartos, non acabo de entender como saen as contas a favor.

Responde o Sr. Alcalde porque ti non podes gastar os cartos fóra da aplicación, hai un millóns de euros de remanente de partidas que non se gastaron agora tamén e certo que



non fixemos transferencia de crédito, pois non fixemos modificado de crédito non o fixemos esperamos agora, e dicir pois nos atrasamos seis meses en facer o modificado pero claro teríamos que haber feito outro modificado para estas 66 facturas.

O Sr. Alcalde diríxese ao Sr. Mesías Farías preguntando si cree que se podía facer un modificado por 250000€ ou 30000€, porque estas 66 facturas non representan máis, o Secretario-Interventor di que non que hai q facer modificados de entidade como este de 264000€ non podes facer un modificado de crédito por 15000€ o 18000€ porque é un expediente complexo e aproveitamos para facelo todo xunto isto é xestión ordinaria ou sexa que poñedes problemas por isto que é unha xestión ordinaria isto non é unha cuestión de políticas eu non estou abaixo dicindo isto se paga e isto non, isto garda iso se pon aquí, esta non ten partida pois hai que enfatiarse e outras que entran no 2018 a inmensa maioría, dous terzos entran no 2018 pero da igual.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que o que está claro con todo isto é que ademais hai unha falta de previsión, porque hai certas facturas cas que xa se ten que contar non son cousas extraordinarias as cousas que veñen aquí xa se sabía que había que pagalas e se podían pagar no exercicio pasado o que está claro e que hai unha falta de previsión que non é real. E despois hai outra cuestión que está moi clara e é a que di o Secretario que el non é capaz de facer a labor interventora e hai que contratar interventor/a como xa dixemos dende hai moitos anos, o día en que se contrate o interventor posiblemente moitas das cousas que van aparecendo así de lado deixaran de aparecer, porque certamente non hai un control e xa o vemos no pleno pasado con esas cantidades enormes de cartos de dereitos pendentes de cobro que non se están cobrando porque non se está a tramitar o cobro e iso si que é un tema previsible.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que hai facturas previsibles que teñen unha contía grande como pode ser servizos sociais Virxen do Carmen que entrou o 19/12/2017 e atende a 42355€ e esa si é previsible.

Contesta o Sr. Alcalde preguntando a Sra. Martínez Martínez en que data entrou.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que o 19/12/2017.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa estaba pechado o exercicio.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que é previsible.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que a xunta pecha o exercicio en outubro e deixa aos provedores sen cobrar.

Intervén a Sra. Martínez Martínez insistindo que a contía e previsible, e que tamén quere saber que tipo de control hai na nave co gasóleo porque as facturas do ano 2016 e 2017 porque hai facturas do 2016 como lle dixen anteriormente, ascenden a 17314,99€ en setembro do 2017, 3340€ en gasóleo e en xuño, 2080€ en gasóleo, quería saber que tipo de control.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que é a época de verán e son os desbroces e dicir xuño, xullo, agosto e setembro temos un tractor na praia, dous desbrozando, chimpines collendo maleza e demais, pois efectivamente son os meses nos que movemos toda a maquinaria porque é onde se está desbrozando en xaneiro, febreiro ou marzo desbrozase moito menos e o consumo é menor temos tamén dous vehículos contraincendios e se xunta todo nesas datas, en verán todos os vehículos están funcionando, porque neses meses pois porque e nos meses nos que se move toda a maquinaria.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que coas dúas intervencións e unha vez fixadas as posicións, para que imos a dar explicacións que non serven, logo din que non dou explicacións pero para que, eu teño que estar a unha e media en Ferrol rematamos o pleno canto antes e cada un ao seu, para que me piden explicacións si as que dou nunca valen, 66 facturas de miles que quedan sen partida orzamentaria, para que queren debate o mellor e que nos levemos ben a min me deixen intervir pero non esixan que entre a dar explicacións que no lles valen nunca para nada porque prefiro non dalas pagado o peaxe sigo pola autoestrada. Sen explicacións me poñen a parir, con explicacións tamén recorro toda autoestrada para poñerme a parir, xa non as dou sistematicamente así cun expediente moi razoable, que ten o expediente.

Unha vez rematada o segundo turno de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2018 e convalidación das obrigas adquiridas.

Sometida a votación o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 1/2018 e Convalidación das obrigas adquiridas o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL, 1 Son de Ares), 3 votos en contra (3 PP) e 2 abstencións (2 BNG, 1 ausencia xustificada) acorda, aprobar o expediente.

3.- APROBACION NORMAS DE XESTIÓN DA RPT.

Dáse conta do informe de Secretaría-Intervención de data 25 de maio de 2018, que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN


Aplicación incremento salarial Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2017 e anteproxecto 2018.

Disposición transitoria segunda Complementos personales y transitorios

A Disp. Trans. 2ª da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 -LOXE 2017- "Complementos pessoais e transitorios", que actualmente e conforme ao art. 134.4 da Constitución -CE- atópase prorrogada de forma automática, é a que regula os Complementos persoais e transitorios -CPT-, dispoñendo que: -

Uno. Los complementos personales y transitorios y demás retribuciones que tengan análogo carácter se regirán por su normativa específica y por lo dispuesto en esta Ley.

Dos. Los complementos personales y transitorios reconocidos en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 13 de la Ley 50/1984, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 1985, al personal incluido en el ámbito de aplicación de la Ley



30/1984, de 2 de agosto, se mantendrán en las mismas cuantías que a 31 de diciembre del año anterior, siendo absorbidos por las mejoras que puedan derivarse del cambio de puesto de trabajo.

Incluso en el caso de que el cambio de puesto de trabajo determine una disminución de retribuciones, se mantendrá el complemento personal transitorio fijado al producirse la aplicación del nuevo sistema, a cuya absorción se imputarán las mejoras que puedan derivarse del cambio de puesto de trabajo.

A efectos de la absorción prevista en los párrafos anteriores, el incremento de retribuciones de carácter general que se establece en esta Ley sólo se computará en el 50 por ciento de su importe, entendiéndose que tienen este carácter el sueldo, referido a catorce mensualidades, el complemento de destino y el específico.

En ningún caso se considerarán los trienios, el complemento de productividad, ni las gratificaciones por servicios extraordinarios.

Tres. *Los complementos personales y transitorios reconocidos al personal de las Fuerzas Armadas y de los cuerpos de la Guardia Civil y Nacional de Policía, así como al personal funcionario de la Administración de la Seguridad Social y al estatutario del Instituto Nacional de Gestión Sanitaria, y restante personal con derecho a percibir dichos complementos, se regirán por las mismas normas establecidas en el apartado Dos anterior.*


Cuatro. *Los complementos personales y transitorios reconocidos al personal destinado en el extranjero se absorberán aplicando las mismas normas establecidas para el que preste servicios en territorio nacional, sin perjuicio de su supresión cuando el funcionario afectado cambie de país de destino."*

Así mismo e en similares termos dispón a Disp. Trans. Iª do RO 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local. Desta forma, o CPT recoñecido a nivel individual non é un complemento do posto, senón da persoa que o ocupa nese momento, perdéndose automaticamente, en todo ou en parte, por adscrición do funcionario a outro posto de traballo, pola determinación dunhas maiores retribucións ao este posto, consecuencia dunha modificación da RPT ou polas melloras ou incrementos retributivos que sexan establecidos polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Aplicando este precepto á situación exposta, poden darse dúas situacións distintas:

1.- Que, como consecuencia da nova aprobación da RPT, a subida do 1% quede totalmente absorbida, debido a que o incremento producido no posto de traballo (froito desa aprobación) sexa igual ao importe fijado polo incremento do 1% establecido na LOXE.

2.- Que o incremento, consecuencia desa aprobación, non sexa igual ao resultado do 1% establecido na LPGE, nese caso, só poderá ser absorbido o 50 % do importe que



quede establecido no novo CPT, sen considerar os trienios, o complemento de produtividade, nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Exemplo de fórmula do cálculo establecida no citada Disposic, Trans. 2ª

LOXE:

S.B. exercicio anterior x 14 : 12 = X x 1 % incremento / 2 = Y C.D.+C.E. x %
incremento / 2 = Z


Y + Z = ABSORCION

A suma de Y+Z (que corresponde ao 50% destes conceptos incrementados), será a que haberá de restar ao Complemento Persoal Transitorio que teña establecido o empregado, salvo que, as novas retribucións establecidas tras a aprobación da RPT sexan iguais ou superiores ás establecidas no Complemento Persoal Transitorio do empregado, nese caso, a absorción será completa (100%).

En conclusión, absorberase coas melloras retributivas de soldo ou complementos específico e de destino que teña o propio posto de traballo, por cambio de posto de traballo ou por novas retribucións consecuencia da RPT (podendo neste caso absorberse o 100% deste CPT) e do incremento de retribucións de carácter xeral que se estableza pola LOXE só se absorberá o 50% do seu importe, sen considerar os trienios o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios. Por tanto, di danse esas circunstancias coa aprobación da RPT é dicir que a subida sexa igual ou superior ao importe establecido no CPT non só se pode senón que se debe absorber o 100% do este complemento. Sensus contrario, de non darse tal circunstancia, a absorción debe ser efectuada conforme á segunda situación exposta e conforme a fórmula establecida pola Oisp. Trans. 2ª LOXE; é dicir, que si o CPT xa foi establecido como consecuencia da aprobación da RPT, a absorción do 1% de incremento debe ser polo 50% do importe do este incremento.

O apartado quinto da proposta de acordo de aprobación da RPT efectuada na sesión plenaria do día 30 de xaneiro de 2017 cuxa aprobación foi publicada coa reprodución da RPT no Boletín Oficial da Provincia número 62 do 31 de marzo de 2017, seguindo a memoria contida na RPT establece:

QUINTO.- Incorporar á RPT a efectos de garantir o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Ares, respetando os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade. Oeste xeito, nos casos en que como resultado dun proceso de valoración incorporado na RPT, se pudiera producir unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estes terán dereito ao mantemento das mesmas, mediante a percepción dun complemento persoal de **carácter non absorvible**, na contía que sexa necesaria para respectar os seus dereitos económicos adquiridos e consolidados. A presente cláusula de



mantemento das condicións retributivas terá carácter persoal, e a súa aplicación vincularáse unicamente aos ocupantes actuais dos postos. Os novas ocupantes percibirán as retribucións derivadas da valoración incluída na RPT, que serán as propias do posto.

Á súa vez, a publicación do BOP sinala ao respecto :

CUARTO.-Incorporar á RPT a efectos de garantir o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Ares, respetando os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade. Oeste xeito, nos casos en que como resultado dun proceso de valoración incorporado na RPT, se pudiera producir unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estes terán dereito ao mantemento das mesmas, mediante a percepción dun **complemento persoal de carácter non absorvible**, na contía que sexa necesaria para respectar os seus dereitos económicos adquiridos e consolidados. A presente cláusula de mantemento das condicións retributivas terá carácter persoal, e a súa aplicación vincularáse unicamente aos ocupantes actuais dos postos. Os novas ocupantes percibirán as retribucións derivadas da valoración incluída na RPT, que serán as propias do posto.

Finalmente, nesa liña as bases de execución do orzamento 2018 establecen:

BASE 19ª.- GASTOS DE PERSOAL.


O pago de toda clase de retribucións ós funcionarios e o demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, a cal cumprirá a función de documento "O" e pecharáse o día 20 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

Tódolos haberes do persoal que figuran na nómina única serán pagados pola entidade bancaria designada ó efecto pola Presidencia.

O pago efectuarase por dita entidade bancaria mediante abono na conta de dita entidade ou de outra que teña sido elixida polo preceptor. O pago, nestes casos, xustificarase ca documento acreditativo do abono ou da orde de transferencia da entidade ca que se teña concertado o servizo de pago de haberes.

Os conceptos retributivos serán os que determina a lexislación vixente na contía aprobada polo Pleno da Corporación. As pagas extras serán dúas ó ano nos termos previstos na lexislación básica do Estado, e aboaranse nas mensualidades de xuño e decembro (esta última aboaráse conxuntamente coa nómina do mes entre os días quince e vinte de decembro).

Nos termos do II acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Ares (BOP núm. 60, do 13-03-1996), do Convenio Colectivo do Persoal ao servizo do Concello de Ares aprobado na sesión plenaria do día 28 de



novembro de 2013, do artigo 165.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo cal aprobábase o Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007 do 12 de abril) e do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo); o persoal funcionario, eventual e laboral fixo, indefinido e temporal poderá solicitar un anticipo reintegrable da súa nómina ao longo do exercizo a reintegrar sen intereses na nómina de decembro do mesmo ano.

Como máximo soamente poderáse pedir nun ano natural dous anticipos, e en todo caso non poderá concederse un novo mentras tanto en canto no esté cancelado o anterior.


No suposto de persoal laboral temporal ou eventual, deberáse acompañar á petición compromiso/autorización para cancelar a cantidade pendente anticipadamente con cargo ao último mes ou nómina pendente de cobrar, caso de extinción do contrato laboral.

A tal efecto autorízase unha habilitación orzamentaria para dito concepto.

Coa entrada en vigor da RPT aprobada con carácter definitivo na sesión plenaria do día 30 de xaneiro de 2017 (BOP núm. 62 de 31-03-2017), a mesma aplicarase ao sistema retributivo coa actualización das táboas cos incrementos salariais previstos para o sector público nas leis de orzamentos xerais do Estado repectivas coas previsións da Lei 3/2017, do 26 de xuño : 1% e futura Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 cunha previsión do 1,5 %. E, nos termos do punto quinto do devandito acordo a efectos de garantir o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Ares, se respetan os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade. Oeste xeito, nos casos en que como resultado dun proceso de valoración incorporado na RPT, se poidera producir unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estes terán dereito ao mantemento das mesmas, mediante a **percepción dun complemento persoal de carácter non absorvible**, na contía que sexa necesaria para respectar os seus dereitos económicos adquiridos e consolidados. A presente cláusula de mantemento das condicións retributivas terá carácter persoal, e a súa aplicación vincularase unicamente aos ocupantes actuais dos postas, e actualizándose igoalmente nos termos previstos nas respectivas leis de presupostos Xerais do Estado anualmente para os demais conceptos retributivos. Os novas ocupantes percibirán as retribucións derivadas da valoración incluída na RPT, que serán as propias do posta.

Na súa virtude vista á vista dos antecedentes e como complemento ás normas de adaptación aprobadas para a aplicación da RPT palas lagunas e dúbidas plantexadas, este funcionario estima necesario adoptar en relazón ao plantexado ao inicio unhas normas de xestión de desenrolo respecto aos CPT.

Ares, a 21 de maio de 2018.



O SECRETARIO-INTERVENTOR

Dáse conta do acordo adoptado pola Alcaldía de data 28 de maio de 2018 que a continuación se transcribe;

ACORDO

NORMAS DE XESTIÓN DE DESENROLO RPT

Visto o informe da secretaría de 21-05-18, ós efectos de evitar vacíos, lagunas ou dúbidas; nos termos da memoria da RPT que recolle o carácter non absorbible do CPT, do acordo plenario de aprobación da mesma na sesión do día 30-01-2017 (BOP nº. 62 de 31-03-17) e nas bases de execución do vixente orzamento,

ACORDASE

1º.- Os CPT non terán carácter absorbible por futuras melloras retributivas, actualizándose cos respectivos incrementos que determinen as Leis de orzamentos ou normas habilitantes.

2º.- As contías retributivas reflectidas na RPT aprobada non contemplan a absorción dos incrementos retributivos previstos para o presente ano na Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou normas legais habilitantes. Consecuentemente serán actualizadas aos incrementos que prevean dita norma para o sector público.

Ares, a 28 de maio de 2018-

O ALCALDE

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

Intervén o Sr. Alcalde explicando que hai uns complementos na RPT que implican recoñecemento dunha situación moi persoal, intentamos corrixilo con complementos persoais que son provisionais porque ten sentido en canto esa persoa que é a que os ganou, e en recoñecemento a súa situación, se reincorporan na RPT pero logo xa non, en consecuencia ese complemento persoal para que non haxa unha reforma ante imperios coa aplicación da RPT pode dar lugar a que todas as subidas salariais do futuro se consideren reabsorbibles nese complemento por tanto non se apliquen, si isto fora así si habería unha reforma ante imperios si prexudicáramos efectivamente a esa persoa. Non se trata de que ese complemento manteña o statu quo pero que non prexudique as subidas salariais polas máis diferentes razóns, por razóns orzamentarias con a aprobación da lei de orzamentos, que non se reabsorba ese complemento ata que se colmate e despois se poda facer, con esa razón aprobamos unhas normas de xestión da RPT con ese obxectivo.

O Sr. Alcalde abre o primeiro turno de intervencións e dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non hai moito que entrou en vigor a RPT e xa non sei que novidade hai ao respecto dela, a nós non nos queda para nada claro cal é a cuestión esta cando sinala o secretario no seu informe esa percepción dun complemento persoal de



carácter non absorbible pero claro isto ven vinculado a RPT entón a nós isto nos queda aínda máis dúbida, todos sabemos que a RPT tal e como se elaborou non está sendo cumprida e ademais estanse facendo variacións precisamente deste tipo, polo tanto ven vinculado a RPT que nos entendíamos que non estaban debidamente acreditada e xustificada e isto ven sendo unha vez máis algo que vincula unha cousa sobre uns dereitos que teñen recoñecidos os traballadores e que tampouco non se nos xustifica e que non sabemos a onde vai chegar iso, nós vamos a ser cautos con esta cuestión e ímonos a abster.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que non sabe porque este punto non se levou a comisión informativa de persoal que era onde se debía de debater, fala que a RPT di que non é absorbible pero tampouco di que sexa revalorizable esa é a nosa dúbida, en ningún momento di que sexa revalorizable.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que revalorizable é todo, di que non é absorbible para que sexa revalorizable senón non ten sentido, unha cousa exclúe a outra.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que na RPT non quedou recollido isto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntado si na RPT ten que poñer que aceptan subidas de soldos, todo é revalorizable se revalorizan os impostos aos funcionarios públicos, se revaloriza as veces porque levamos un 30% de perda de poder adquisitivo pero é así, como non vai a ser revalorizable precisamente se di que non é absorbible para que sexa revalorizable. Diríxese a Sra. Martínez Martínez preguntando se quere falar o seu asesor.

Intervén o Sr. Lage Fernández dicindo que si lle deixa falar dillo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si.


Intervén o Sr. Lage Fernández manifestando que non ten nada que ver que sexa absorbible con revalorizable, de feito hai algúns parámetros da nómina que quedan consolidados e non se revalorizan quedan estancos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que isto é un complemento persoal que intenta que non se prexudique a determinados funcionarios aos que ao modificar a masa salarial quedaron moi por encima, entón si se determina expresamente que non é absorbible e para que sexa revalorizable, explicouno o propio Secretario na reunión isto xa o falamos, e que parece que aquí fanse as cousas como si non foran legais, isto falouse con vostede diante.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que o que di con todo respecto, é inaudito o que non e absorbible é revalorizable.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se fai así.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que non é así e non se fai así.



Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que foron as explicacións que se deron, di que non é absorbible para que efectivamente haxa incrementos, para que sexa revarolizable, e ti estabas alí diante de mi cando o Secretario o dixo non o digo eu.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que si que el estaba alí, pero que na RPT non pon en ningún momento que ese complemento de ese posto de traballo ten que ser revarolizable e o saca vostede mediante un acordo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el no o saca, que na comisión que vostede estaba diante o Secretario dou esta explicación, doulla a vostede e a min, para que sexa revarolizable.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que o Secretario no informe non di en ningún momento que sexa revarolizable.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é porque se considera, que é así.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que non o di o Secretario, o Secretario non o puxo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si non e absorbible.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que non ten porque ser revarolizable.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si non e absorbible revalorízase, porque si se absorbera non se revarolizaba, si as subidas absórbense no complemento non hai revalorización, precisamente se di que nas subidas non se absorban para que haxa revalorización é así, rite de quen queiras.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que non está de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si non está de acordo parécelle moi ben, e a terra é cadrada pois xa está, listo.

Pide a palabra o Sr. Secretario.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que mellor non, que non vale a pena.

O Sr. Alcalde abre o segundo turno de intervencións e dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que pide unha clarificación por parte do Secretario si pode ser, porque a min non me acaba de quedar claro e máis mirando o informe do Secretario entón nós entendemos que a cousa cambia, nos pedimos unha clarificación do Secretario si é posible.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a aclaración a da el, é revarolizable entón os incrementos salariais vanse a subir porque non son absorbibles polo complemento, entón como o complemento non os absorbe incrementáanse entón é así de sinxelo e saíu en comisión e foi a explicación que se deu e aquí estase a dar a mesma que en comisión vale que votedes fagan o que vos pareza oportuno pero non é absorbible para que



precisamente sexa revarolizable para que eses incrementos al non absorbelos suba na nómina, é así, e non é ningunha ciencia é moi fácil de entender.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que no informe do Secretario di “para garantir o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Ares, se respectan os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade. Deste xeito, nos casos en que como resultado dun proceso de valoración incorporado na RPT, se puidera producir unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estes terán dereito ao mantemento das mesmas, mediante a percepción dun complemento de persoal de carácter non absorbible, na contía que sexa necesaria para respectar os seus dereitos económicos adquiridos e consolidados”. É o mantemento a pesar de todo vaise a consolidar e terá carácter absorbible.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non é consolidable é persoal, cando esa persoa se vai o novo non o ten, entón ao que o mantén porque isto é persoal mestras o ten que se lle siga subindo o soldo como aos demais é absorbible porque senón non se lle respectaría, entón como alguén está por encima do seu salario actual do que efectivamente consigna a RPT para non prexudicalo mantense, pero claro si decimos mantense pero a costa de todas as subidas non absorbibles entón non é así, entón se lle di que se lle mantén e todas as subidas non son absorbibles, a vai a ter como o resto do persoal. A filosofía ca que aprobamos a RPT para non prexudicar a ninguén pero pode xerar dudas como pode xerar dudas preferimos traer ao pleno unha resolución da alcaldía que dí expresamente esto, aquí ven o acordo do 28 de maio que di punto 1. “os complementos persoais transitorios non terán carácter absorbible por futuras melloras retributivas, actualizándose cos respectivos incrementos que determinen as Leis de orzamentos ou normas habilitantes. Punto 2. As contías retributivas reflectivas na RPT aprobada non contemplan a absorción dos incrementos retributivos previstos para o presente ano na Lei de Orzamentos Xerais do estado ou normas legais habilitantes. Conseqüentemente serán actualizadas aos incrementos que prevean dita norma par o sector público” e dicir o que estou dicindo ese complemento non é a costa das futuras subidas e como eu efectivamente para traer esto a pleno que é unha resolución da alcaldía e para asinala necesito informes de secretaria pois faime un informe en secretaria conforme o que asino vale e aquí ven un informe de secretaria e un informe de secretaria-intervención que dí que o que asino vale que se entende perfectamente, que complementos personais transitorios non terán carácter absorbible por futuras melloras e dicir as melloras as teñen igual, os informes din que isto eu o podo asinar é o que ven a pleno a pleno ven o acordo e o acordo nos seus puntos 1 e 2 e clarísimo, van a ter os incrementos porque os incrementos non se absorben polo complemento porque o complemento non é a conta de melloras futuras o complemento respecta melloras pasadas que hai que manter e non vai a conta de melloras futuras.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que non lle quedou claro, por iso imos a abstermos.



Pide a palabra o Sr. Lage Fernández.

O Sr. Alcalde dálle a palabra.

Intervén o Sr. Lage Fernández dicindo supoñamos que un funcionario ten unha retribución de 1000€ e un complemento no posto de traballo de 100€ co 1,5€ pasa a cobrar 1015€ e os 100€ que non se revalorizarían ou sexa que non se absorben cobraría 1115€, coa nova proposta en realidade cobraría 1016,15€ revalorizaríase os 1000€ máis os 100€, unha cousa e que non sexa absorbible que eses 15€ non se lle quiten aos 100€ e outra cousa e que aos 100€ tamén se lle suba o 1,5€ por iso o absorbible e o revarolizable é distinto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non é certo que aquí di claramente que se establece que non son absorbibles para que sexa revalorizable se vostede non o entende e o seu problema eu o entendín perfectamente cando pasáronme a firma esta resolución e si eu o entendín creo que vostede pode entendelo, pode non compartilo iso é lexitimo pero non entendelo non o creo.

Unha vez rematada o segundo turno de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación as normas de xestión da RPT.

Sometida a votación as normas de xestión da RPT o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL, 1 Son de Ares) e 5 abstencións (3 PP, 2 BNG, 1 ausencia xustificada), acorda, aprobar o expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e nove minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,